



Proceso selectivo para a contratación laboral temporal dunha BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS E 1 PEÓN CONDUTOR) para a prestación do servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais no verán do ano 2018. PROBA TEÓRICA. PEÓNS E PEÓN CONDUTOR.

“INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO EXAME”

1. O exame é de carácter obrigatorio e consiste na contestación por escrito dun cuestionario de 20 preguntas tipo test.
2. Cada pregunta tipo test ten 4 respostas alternativas, das que soamente 1 é a correcta.
3. Inclúense 2 preguntas de reserva que deberá responder cos mesmos criterios que a parte principal do cuestionario. Estas preguntas so serán computadas, na estrita orde na que aparecen formuladas, no caso de que algunha das da parte principal sexa anulada, de oficio ou con base nalgunha reclamación, por observarse erros tanto no seu enunciado como nas opcións das respostas dadas, duplicada ou outras circunstancias similares.
4. A proba cualificarase polo tribunal de 0 a 10 puntos (a razón de 0,5 puntos cada resposta correcta), sendo preciso acadar 5 puntos (10 respostas correctas), para non quedar eliminado/a. As respostas falladas non ponderarán con coeficiente negativo.
5. Para a realización da proba dispórase dun tempo máximo de 40 minutos.
6. Sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida cun “X”. Poderá anulala marcando cun círculo enriba da letra correspondente á resposta que se quere anular e seleccionando de novo cun “X” na resposta que se considere correcta. Considerarase como errónea aquela pregunta que conteña emendas ou riscaduras en máis dunhas das opcións da resposta.
7. Unha vez iniciado o exame ningún/ha opositor/a poderá abandonar a aula. Si o fai anularáselle o exame e recollerase o cuestionario.
8. Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do que se poida valer o/a aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Igualmente está prohibido copiar, falar e fumar. Calquera alteración destas normas será motivo de anulación do exame.
9. As persoas que necesiten un certificado de asistencia, poderán pedirlo a calquera membro do tribunal, e será expedido pola secretaria do mesmo.

CUESTIONARIO DE 20 PREGUNTAS.

1ª.- En que parroquia se atopa o lugar de Carolo?

- a) Palmeira.
- b) Olveira.
- c) Artes.
- d) Corrubedo.

2ª.- En que parroquia se atopa o lugar de Lixó?

- a) Aguiño.
- b) Castiñeiras.
- c) Oleiros.
- d) Corrubedo.

3ª.- Que tipo de conexión teñen instalada comunmente as mangueiras que se usan para formar os tendidos na extinción de incendios forestais?

- a) Racor Barcelona.
- b) Racor Guillemín.
- c) Racor Storz.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

d) Racor de gatillo.

4ª.- Que método de extinción se produce cando usamos o batelume?

- a) Inhibición.
- b) Rotura de reacción en cadea.
- c) Sofocación.
- d) Emulsión.

5ª.- O casco utilizado como EPI nas labores de prevención e extinción de incendios forestais é:

- a) Categoría I.
- b) Nivel I.
- c) Categoría III.
- d) Ningunha é correcta.

6ª.- Cal é o Plan de Prevención e Defensa contra incendios forestais en Galicia?

- e) PEMU.
- f) PLADIGA.
- g) PEIFOGA.
- h) PLATERGA.

7ª.- Que nome recibe o mecanismo que permite o paso de vehículos por encima das mangueiras sen danalas?

- a) Reforzamangueiras.
- b) Salvamangueiras.
- c) Libramangueiras.
- d) Burlamangueiras.

8ª.- Que tipo de bombas están incorporadas nos vehículos de extinción de incendios?

- a) Bombas nodrizas.
- b) Bombas auxiliares.
- c) Turbobombas.
- d) Bombas centrífugas.

9ª.- Os combustibles forestais clasifícanse:

- a) Leñosos, arbustivos e herbáceos.
- b) Continuos e discontinuos.
- c) De copas, de solo e de subsolo.
- d) Lixeiros, pesados e verdes.

10ª.- Os lumes forestais clasifícanse:

- a) Monte baixo e arborado.
- b) Pequenos, medianos e grandes.
- c) Lixeiros, pesados e verdes.
- d) De copas, de solo e de subsolo.

11ª.- En terminoloxía forestal denomínase “contralume”:

- a) Á cola do incendio, por correr en dirección oposta á cabeza.
- b) Ao lume que se propaga baixo a superficie.
- c) Ao lume que se provoca para apagar ou cortar os progresos dun incendio.
- d) Á barreira que se selecciona entre naturais ou artificiais, existentes e que se completa, si é preciso, ata envolver o borde do lume para dominalo e extingui-lo.

12ª.- Os factores que determinan o comportamento dun incendio forestal son:



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- a) Altitude, exposición e pendente.
- b) Topografía, climatoloxía e as propiedades do combustible vexetal que está ardendo.**
- c) Toponimia, vento e lugar.
- d) Ningunha é correcta.

13ª.- Que é o “tetraedro do lume”?

- a) Un grado de veteranía no escalafón dos bombeiros forestais.
- b) Unha representación gráfica explicativa para os lumes de clase A.
- c) A representación gráfica de toda combustión na que se produce unha reacción en cadea.**
- d) Unha representación dos distintos métodos de extinción do lume segundo se actúe sobre o combustible, comburente, a enerxía de activación ou a reacción en cadea.

14ª.- Que fenómenos de transmisión de calor non necesitan soporte material algún?

- a) A radiación.**
- b) A convección.
- c) A conducción.
- d) Ningún, posto que todos necesitan materia para o seu transporte.

15ª.- O mais usual en incendios forestais é utilizar auga aditiva con:

- a) Axentes humectantes.
- b) Axentes espesantes.**
- c) Axentes espumantes.
- d) Polvo químico polivalente.

16ª.- Cal é un factor favorable ao desenrolo dun incendio?

- a) Temperatura baixa.
- b) Humidade baixa.**
- c) A choiva.
- d) Humidade Alta.

17ª.- Como norma xeral de actuación en incendios forestais aínda que a situación sexa apurada non se buscará nunca a fuxida ladeira arriba, porque ...

- a) O fume e a maior velocidade das lapas poden ser fatais.**
- b) O fume impediranos a visión e perderémonos.
- c) O fume provocaranos náuseas e vómitos.
- d) Porque as lapas pódennos queimar.

18ª.- Un entrante ou bolsa é ...

- a) Unha forma de incendio forestal.
- b) Unha clase de lume forestal.
- c) Unha parte do incendio forestal.**
- d) Ningunha é correcta.

19ª.- Os incendios que afectan a combustibles de clase A pertencen a:

- a) Sólidos.**
- b) Líquidos.
- c) Gases.
- d) Plasma.

20ª.- En que parroquia se atopa o lugar de Sobrido?

- a) Carreira.
- b) Oleiros.**
- c) Olveira.
- d) Castiñeiras.



C O N C E L L O
D E
R I V E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

PREGUNTAS DE RESERVA:

21ª.- Que establece a Lei 3/2007 do 9 de abril?

- a) A extinción de incendios forestais dentro de toda a Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) A prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia.**
- c) A planificación dos métodos de extinción e medios materiais que se aplicarán na extinción de incendios forestais en Galicia.
- d) A prevención e defensa contra os incendios rurais e forestais en Galicia.

22ª.- Que órganos dos referidos a continuación existen en todos os concellos?

- a) O alcalde.
- b) Os tenentes de alcalde.
- c) O pleno.
- d) Todas son correctas.**